

## APROXIMACIÓN HISTÓRICA ÁS FORMAS VERBAIS *DICIR, QUERER E FACER*<sup>1</sup>

Xosé Soto Andión

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

### DECLARACIÓN DE OBXECTIVOS

Na seguinte exposición abordamos desde a perspectiva histórica o estudio das formas verbais *dicir*, *querer* e *facer* acoutando a súa análise, por mor das restriccións horarias, ós tempos de presente de indicativo, presente de subxuntivo e pretérito de indicativo. Propoñémonos descubri-las formas destes verbos en tres momentos distintos da súa diacronía, tentando dar explicación dos máis relevantes cambios fonético-morfolóxicos. Baseámonos en glosarios, textos, gramáticas e estudos diversos.

As obras e estudos dos que botamos man son os que a seguir sinalamos:

- a) Para o Galego Medieval valémonos do corpus de documentos medievais e das bases paradigmáticas feitas sobre algúns destes documentos no proxecto *Gramática Histórica da Lingua Galega*, que se desenvolve no seo do I.L.G. Este proxecto está financiado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Velaquí a relación de obras: *La Traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla, Crónica Troiana, Cantigas de Santa María, Vocabulario galego-portugués das Cantigas de Escarnio, Glosario do Cancioneiro da Ajuda, A Demanda do Santo Graal*, versión galega da *General Estoria*, Documentos de *San Esteban de Ribas de Sil*, *Fontes documentais da Universidade de Santiago, Galicia Histórica, Miragres de Santiago, Tratado de Albeitaría*, documentos de *San Pedro de Lobanes*, documentos de *San*

<sup>1</sup> Vaia esta nota de agradecemento, en primeiro lugar, para o prof. Ramón Mariño porque froito dun seminario de Terceiro Ciclo por el impartido xurdíu a idea de elaborar esta comunicación. Foi tamén el quen me proporcionou algúns manuais que axudaron a encamiñar este traballo. Do mesmo xeito, quero agradecer a Ernesto González Seoane as achegas bibliográficas que me facilitou. Por último, teño que agradecerlle ó prof. Xavier Varela a total liberdade que me deu, como colaborador do “Proxecto Gramática Histórica”, para utilizar o corpus de textos medievais que se atopan no devandito proxecto.

*Salvador de Sobrado de Trives, Libro do Concello de Santiago, A vida e a fala dos devanceiros, Tenza do Hórreo, Historia do galego-portugués.*

- b) Galego Medio: *Relazón da carta xecutoria, sonetos de Gómez Tonel e Vázquez de Neira, Entremés famoso sobre a pesca no río Miño, Poemas das Festas Minervais, Cartas a Gondomar, Poemas de Plácido e Anselmo Feixoo, Coloquio de vintecatro galegos rústicos, Proezas de Galicia, Poemas galegos de Cernadas de Castro, Tertulia de Picaños, Diálogo en la Alameda de Santiago, Gramática Gallega, Estudio fonético ortográfico e morfológico de textos do prerrexurdimento galego (1805-1837), A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX.*
- c) Galego Moderno: *ALGa, Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego, El verbo gallego, Dialectoloxía da lingua galega.*

## 1. DICIR

### 1.1. Presente de Indicativo

O latín amosaba no presente de indicativo, para esta forma da 3<sup>a</sup> conxugación latina, que no romance galego se acomodou no paradigma dos en *-ir*, os resultados seguintes: *dico, dīcis, dīcīt, dīcīmūs, dīcītīs, dīcīnt*.

#### Galego Medieval

Os resultados que puidemos atopar para o galego medieval son os seguintes:

P1: *digo, dygo.* P2: *dizes, dis.* P3: *diz, djz, di, dez, dij, dize, dici.* P4: *dizemos, dizemus, dicimos, decemos, desimos.* P5: *dizedes, dyzedes, dicides.* P6: *dizen, dizem, dizē, disen, din.*

Na P2 e na P6 observamos resultados que se corresponden coas formas etimolóxicas das que proceden. Para o resultado pleno da P6 hai que partir dunha forma etimolólica non documentada que é <sup>\*</sup>DICENT. Esta substitución de *-unt* por *-ent* dunha forma da 3<sup>a</sup> conxugación clásica pode deberse á analoxía coa segunda conxugación que posúe esta terminación. As reducidas *di, din* son analóxicas de *dis/diz*, que á súa vez xorde por analoxía cos resultados monosilábicos doutra forma verbal irregular como é *dar*: *dás, dá, dan*.<sup>2</sup>

As persoas cuarta e quinta teñen maioritariamente *i* como vocal radical, conformes co infinitivo *dizer*. Así mesmo amosan, fronte ó latín, cambio acentual volvéndose graves: *dīcīmūs, dīcītīs → dizemos, dizedes.*

<sup>2</sup> Amais disto “nas zonas de seseo final hai unha causa coadxuvante: despois da desafricación e do enxordemento do *-z*, *diz* quedaba convertida en <sup>\*</sup>*dis*, que foi interpretada como *di+s*, cunha desinencia *-s* insólita nunha terceira persoa; por iso foi reducida a *di* (é dicir *di+-Ø*). Non é, sen dúbida, casual que as formas *dis, di, din* aparezan na área de seseo final (hoxe propagadas contra oriente) e *dices, dice, dicen* onde non o hai.” (ILG-RAG, 1995<sup>12</sup>, p. 141).

A vocal radical pode ter diversas representacións gráficas, así o *i* amais da representación moderna *enj e y*.

No século XV a terceira e a sexta persoas das formas etimolóxicas documéntanse reducidas, e temos por tanto *di, din*.

### **Galego Medio**

O paradigma que rexistramos é o seguinte:

P1: *digo, dijo*. P2: *dis, dices, dises*. P3: *di, dis, dise, diz, dice*. P4: *dicimos, decimos, desimos*. P5: *dicides, decides, desedes, decís, desís*. P6: *din, dicen, disen, decen*.

A variante *dijo* na P1 débese á gheada xa existente na época. Na P3 e na P4 *dise, desimos* tamén se explican por outro fenómeno fonético como é o seseo.

Saco e Arce (*Gramática Gallega*, 1808, p. 104) dá na terceira persoa *dis* e *diz* como variantes cando estas formas seguidas de *que* se empregan como impersonais: “*dis/diz que non foi certo*”. Na actualidade fálase para este caso dunha forma soldada *disque* que se encadra entre as expresións de dúbida (Álvarez et al. 1986, p. 466), pero segue a mante-lo contido de impersonalidade.

Os resultados plenos da segunda, terceira e sexta persoas (*dices, dice, dicen*), característicos da lingua medieval áinda se ven nos textos do século XVIII alternando coas reducidas *dis, di, din*. As primeiras son formas en retroceso, pero nos Séculos Escuros e mais no Rexurdimento tiñan máis uso ca hoxe en día, pois documéntanse en textos da Provincia da Coruña (*Tertulia de Picaños, Diálogo en la alameda de Santiago...*), punto no que hoxe carecen de uso.

A quinta persoa amósanos casos con caída do *-d-* no sufijo de número e persoa alternando coa súa conservación, pero é un fenómeno que non chegou a callar, como nos demostra o galego actual no que este feito resulta ser algo esporádico.

Se nos documentos medievais se vían exemplos nos que alternaban as vocais radicais *i/e* no galego medio continúa esta alternancia: *dicimos/decimos, dicides/decides*. O resultado *decen* da P6 é bastante esporádico.

### **Galego Moderno**

As solucións ás que chegou a lingua dos nosos días son:

P1: *digo*. P2: *dis, dices*. P3: *di, dice*. P4: *dicimos, decimos, decemos*. P5: *dicides, decides*. P6: *din, dicen*.

A P4 presenta unha forma arcaica con vocal temática *e* (*decemos*) rexistrada no suroeste de Ourense e en puntos do occidente da Coruña.

Conviven na actualidade as formas reducidas coas etimolóxicas *dices, dice, dicen*. Estas últimas teñen menor extensión ca no galego dos Séculos Escuros e do Rexurdimento. En xeral, son empregadas por falantes da xeración vella, principalmente no interior de Pontevedra, e foron documentadas tamén no occidente e sur de Pontevedra así coma no galego oriental.

## 1.2. Presente de subxuntivo

O latín mostraba as seguintes formas para o presente de subxuntivo: *dīcam, dīcas, dīcat, dicāmus, dicātis, dīcant.*

### **Galego Medieval**

Os resultados que documentamos no galego medieval son:

P1: *diga.* P2: *digas.* P3: *diga.* P4: *digamos.* P5: *digades.* P6: *digan, dygan, digam, digã.*

Os cambios en relación coas formas latinas obedecen ás evolucións fonéticas normais (caída de *-t*, sonorización de *-k-*...).

### **Galego Medio**

Este tempo amosa no galego medio un paradigma similar ó do galego medieval: *diga, dija, digas, diga, digamos, digades, digan.*

### **Galego Moderno**

Non ofrece ningunha novidade en relación cos resultados xa vistos na lingua do galego medio, presentando unha raíz *dig-*.

## 1.3. Pretérito de indicativo

*Dīcere* ten un perfecto sigmático que posúe no latín clásico as formas seguintes: *dīxī, dīxisti, dīxīt, dīximus, dīxistis, dīxerunt.*

As formas do galego medieval son:

P1: *dixe, dixi, dix, disi, dissí, disse.* P2: *disseste, diseste, disesti, disesche.* P3: *disse, dise, diso, disso, dysso, diss, dix, dixe, dixo.* P4: *dissemos, disemos, desemos.* P5: *dis-estes, disestes, desestes.* P6: *disseron, diserō, disserō, diserom, diseron, dixeron.*

A primeira, terceira e sexta persoas presentan na lingua medieval formas palatalizadas e sen palatalizar na raíz. Tamén aparece *dix* con perda da vocal final. O *-i* alterna co *-e* na primeira e segunda persoas.

A acentuación nas persoas do plural fixose grave por analogía cos resultados dos pretéritos fracos (lat. vulg. *cantámus*).

Xa se ven casos de palatalización de *t* na desinencia *st* da P2 pola acción do *-i* longo final do latín: *-sche*. Son boa mostra disto a *Crónica Troiana* ou *La Traducción Gallega*. Esta evolución do *t* cara á palatal africada xorda documéntase con certa frecuencia en textos do século XIII e XIV. De aquí xurdiu o actual sufijo *-ches*. No portugués mantívose sen palatalizar.

Na P3 aparecen resultados en *-e* e en *-o*, as últimas son propias, sobre todo, da *Crónica Troiana* e das *Cantigas*.

Na P6 hai que falar dun cambio importante producido no latín vulgar, como foi o troco do *e* longo da terminación *-ērunt* por *e* breve que supón unha pronuncia aberta, a cal, a partir de aquí, se estenderá ás segunda, cuarta e quinta persoas.

## Galego Medio

Dos textos que manexamos extraémo-las seguintes formas:

P1: *dixen, dixsen, dijen*. P2: *dixeche, dixeches, dixseches*. P3: *dixo, dix, dixso*. P4: *di-xemos*. P5: *dixestes, dexestes, dixéchedes, dixéstedes*. P6: *dixeron, dixseron*.

Fronte á lingua medieval a P1 ofrece dunha maneira xeneralizada a desinencia de número e persoa *-n*: *dijen*. Para Williams (*Do latim ao portugués*, 1975<sup>3</sup>, p. 167) esa nasalización probablemente se desenvolveu primeiro nas formas fracas, nas que remataban en *-i* tónico, por analogía coa forma *vin* (de *veni*) e despois foi irradiada ás fortes.

Vemos resultados palatalizados no radical (*dix-*) en tódalas persoas, por analogía coa P1 que xa mostraba esta solución na época medieval. É un resultado harmónico co producido noutros pretéritos fortes como son *fixen, quixen*, que máis adiante veremos.

Na segunda persoa impúxose no galego medio o resultado palatalizado *-che* fronte ó etimolóxico *-ste*. A desinencia palatalizada pode aparecer ou non cun *s*, *-che/-ches*.

A terceira persoa do singular presenta a terminación *-o* coma no galego actual, fronte ós casos con *-e* do galego medieval. Para Williams (*op. cit.*, p. 168)"o *-o* da terceira persoa singular dos pretéritos fortes en galego tal vez se teña desenvolvido por imitación do *-o* da terceira persoa singular dos pretéritos fracos". Ó seren incrementadas as formas *disse* cun sufijo número-persoal *o* (*disseo*) o *e* perderá silabicidade asimilándose ó fonema consonántico veciño, isto é, o palatal (cfr. Santamarina, 1974, p. 61).

A quinta persoa ten resultados co radical incrementado (*-de*) por analogía coa P5 de tempos con *d* intervocálico. Tamén se ve a terminación *-chedes* por cruzamento coa segunda persoa do singular e mais cos tempos que teñen *-d-* na quinta persoa.

## Galego Moderno

Os resultados que vimos para o galego medio son os que hoxe ten este tempo, cunha raíz *dix-* en todo o tema de perfecto.

A vocal temática é aberta nas P2, P4, P5 e P6.

## 2. QUERER

É un verbo que pertence á conxugación en *-er*, que inclúe os verbos da 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> latinas.

### 2.1. Presente de indicativo

As formas que ten o latín clásico para este tempo son as seguintes: *quærō, quærīs, quærīt, quærīmūs, quærītīs, quærūnt*.

## Galego Medieval

O paradigma do galego medieval é:

P1: *quero, queiro*. P2: *queres*. P3: *quer, quere*. P4: *queremos*. P5: *queredes*. P6: *queren, querē, querem*.

A solución *queiro* da primeira persoa atópase no composto *conqueiro*<sup>3</sup> (galego moderno *conquistar*) da *Crónica Troiana*.

Na P3 os verbos que tiñan un radical rematado en *-l*, *-r*, *-n*, *-s*, *-c* podían perde-lo *-e* átono final, que logo restauraron por analogía cos restantes verbos da segunda conjugación (v. gr. *val* → *vale*). Nas *Cantigas* puidemos documentala forma plena e mais a ate-mática *quere/quer*. Para o resultado *queren* da sexta persoa debemos partir dunha forma non documentada no latín vulgar que sería \**quaeren*.

### Galego Medio

Nos textos do galego medio rexistrámo-las seguintes formas:

P1: *quero*. P2: *queres*, *qués*. P3: *quer*, *quere*. P4: *queremos*. P5: *queredes*, *querés*. P6: *queren*.

Con respecto á P3 Saco e Arce (*op. cit.*, p. 109) sinala que a forma íntegra *quere* úsase cando segue pronomé átono *o*, *a*: *quéreo*, *quérea*. O resultado con VT Ø é o de máis uso, fronte ó que ocorre na actualidade. Na P2 tamén hai vacilación, tendo maior emprego a solución temática.

O sufijo número-persoal da P5 *-des* (<TIS) amosa conservación e perda do *-d-*. A caída deste *-d-* neste sufijo estaba máis estendida ca hoxe, que só aparece en puntos do galego oriental e do sudoeste de Pontevedra.

### Galego Moderno

Na actualidade as solucións normativas e dialectais que temos son:

P1: *quero*. P2: *queres*, *ques*. P3: *quere*, *quer*. P4: *queremos*. P5: *queredes*. P6: *queren*.

A vocal radical tónica ten vocal aberta como regra xeral en conformidade coa etimoloxía.

Na segunda persoa a lingua continúa coa alternancia *queres/ques*. A primeira é maioritaria fronte á segunda, que tiña máis uso na etapa intermedia do galego. A forma contraída pode escoritarse no occidente da Coruña.

Mantense así mesmo na terceira persoa a alternancia medieval e do galego medio *quere/quer*, se ben a frecuencia de ámbalas formas nesas épocas e na nosa é ben dis-tinta. Na actualidade *quere* é a solución xeneralizada no galego, *quer* só naquelhas zonas posuidoras de trazos conservadores na lingua, como son o occidente da Coruña, o galego de Asturias e o Bierzo.

## 2.2. Presente de subxuntivo

O latín clásico tiña no presente de subxuntivo *quærām*, *quærās*, *quærāt*, *quærāmus*, *quærātis*, *quærant*. Pero debeu ser substituído por unha forma analóxica da segunda conjugación (\**quærām*) que non está documentada, pero que é necesaria para explicala solución romance con metátese de iode.

<sup>3</sup> Cfr. Nunes, 1989<sup>9</sup>, p. 330.

## Galego Medieval

Do presente de subxuntivo puidemos rexistrar:

P1: *queira, queyra, quera*. P2: *queiras, queyras, queras*. P3: *queira, queyra, quejra, quera*. P4: *queiramos, queyramos, queramos*. P5: *queirades, queyrades, querades*. P6: *queiran, queyran, queran*.

A solución sen ditongo (*quera*) documentámola nas Cantigas de Santa María. Proceden directamente das formas do latín clásico (*quēram...*).

## Galego Medio

Non temos cambios importantes en relación co galego medieval:

P1: *queira*, P2: *queiras*, P3: *queira*, P4: *queiramos*, P5: *queirades*, P6: *queiran/queyran*.

## Galego Moderno

O paradigma dado para o Galego Medio é o que triunfa na actualidade:

P1: *queira, quira, quera*. P2: *queiras, quiras, queras*. P3: *queira, quira, quera*. P4: *queiramos, quiramos, queramos*. P5: *queirades, quirades, querades*. P6: *queiran, quiran, queran*.

As solucións con ditongo decrecente son hoxe as más xeneralizadas e as que recolle a lingua estándar, nelas a vocal tónica realizaase como aberta ou como pechada: *queiras/queiras*. As reducidas son minoritarias e documéntanse alternando coas outras no occidente da Coruña e no galego de Asturias, onde tamén se di *dica* por *deica*<sup>4</sup>.

### 2.3. Pretérito de indicativo

O latín clásico tiña un pretérito fraco que no latín vulgar foi substituído por un pretérito forte:

*Quæsīvī > \*Quēsī*  
*Quæsīvīstī > \*Quēsīstī*  
*Quæsīvīt > \*Quēsītī*  
*Quæsīvīmūs > \*Quēsīmūs*  
*Quæsīvīstīs > \*Quēsīstīs*  
*Quæsīvīrūnt > \*Quēsīrūnt*

Será deste paradigma forte de onde procedan as formas galegas e portuguesas.

## Galego Medieval

P1: *quisi, quise, quyse, quige, quie, quigi, quiji, quix, quis*. P2: *quiseste, quigeste, quisiste, quesiste, quisische*. P3: *quis, quise, quisso, quiso, quizo*. P4: *quisemos, quisestes, quizestes*. P6: *quiseron, quiserō*.

Na P1 destaca a alternancia de formas palatalizadas e sen palatalizar no radical (*quige/quise*).

<sup>4</sup> Cfr. Fernández Rei, 1979, p. 260.

A P3 na época medieval podía rematar en *-e* ou en *-o* segundo comprobamos nas formas recollidas nos textos. Para Clarinda de Azevedo Maia (1986, p. 806) en textos de Galicia as formas normais son as rematadas en *-o*, podendo aparecer esporadicamente formas en *-e*, pero en textos portugueses o habitual é a terminación en *-e*, sendo bastante raras as solucións en *-o*. Na *Crónica Troiana* son más abundantes as formas en *-o*. A solución sen vocal final, como *quis*, atópase en D. Dinís. A caída da vocal ten unha explicación fonética, pois os verbos que posuían radicais que remataban en fricativa (*-s*, *-z*) podían perder-lo *-e* final. O *-e* mantíñase más cando seguía pronome átono de terceira persoa: *quiseo*.

O *i* da primeira persoa do singular, antes *e*, pechou polo influxo do *-i* final e do iode (*quæsii*>*quesit*). Nas demais persoas o resultado *i* na vocal radical débese ó paso de *e* aberto a *e* pechado por ser pretónico e despois a *i* por causa de iode.

O iode da sexta persoa (*quesierunt*) será o que orixine a consoante palatal do radical *quix-*, nas demais persoas había *ii*, co cal a crase levou a formas sen palatalizar: *quis*, *quiseste*. Estes resultados sen palatalizar foron os que se estenderon, segundo se ve polas *Cantigas de Escarnio* e de *Santa María*. Aquí a raíz con palatal só aparece na primeira persoa. O triunfo da raíz sen palatal vese reforzado por outros perfectos sigmáticos como *mis*, *pris*.

### **Galego Medio**

O paradigma é:

P1: *quixen*, *quixsen*, *quisen*, *quixem*. P2: *quixeche*, *quixeches*. P3: *quixo*, *quixso*. P4: *quixemos*, *quixsemos*. P5: *quixestes*, *quixsestes*. P6: *quixerón*, *quixserón*.

Consolidáñanse algunas das solucións que presentaban os textos medievais, isto é, a terminación *-o* na P3 ou a palatalización da desinencia de número e persoa e da consoante final da raíz, como sucede noutros pretéritos fortes (*dixen*, *quixen*). En galego triunfou a raíz con consoante palatal xorda. En portugués triunfaron as formas sen palatalizar.

### **Galego Moderno**

O galego de hoxe presenta o radical *quix-* en todo o tema de perfecto, con vocal temática aberta nas P2, P4, P5, P6 e resultado palatal xordo na consoante final da raíz, sonora na Limia Baixa e despalatalizada en puntos de seseo predorsal.

## **3. FACER**

### **3.1. Presente de indicativo**

O paradigma do latín clásico era *fac̄io*, *fac̄is*, *fac̄it*, *fac̄im̄us*, *fac̄it̄is*, *fac̄iūnt* (> *\*facent*).

### **Galego Medieval**

As formas do presente de indicativo son:

P1: *faço, faç, fago, fasso, fazo, ffaco, ffago, ffazo*. P2: *fazes, ffazes, faes, fais*. P3: *faz, ffaz, fay, faze*. P4: *fazemos, fazemus, ffazemos, facemos, façemos, facimus, fasemos*. P5: *fazedes, ffazedes, facedes*. P6: *fazẽ, fazem, fazen, ffazem, fasem*.

Na P1 solucións como *faço, fazo* teñen o resultado esperado do grupo *ki*. Á par destas, existe o resultado *fago* (vese na *General Estoria*), que hoxe os autores explican como froito dun proceso analóxico con outros verbos desta mesma conxugación, como *digo*<sup>5</sup>, e non como interferencia do castelán a partir de *hago*. *Fago* non se rexistra en textos portugueses agás en Gil Vicente que emprega esta forma para caracteriza-la fala dos xudeus e campesiños.

Na P2 e P3 os resultados *fais, fay* teñen diversas explicacións: son analóxicos do imperativo (*fai*) do propio verbo ou de verbos como *haber, ir* (*hai, vai*) ou son evolución fonética a partir dunha forma *faz* onde a africado *z* [dz] se interpretaría como unha desinencia persoal que por infrecuente foi substituída pola habitual *-e*, unha VT analóxica doutros verbos da segunda conxugación como *trae* que logo se pecha foneticamente en *i*.

O outro resultado da P3 *faz* explícase porque o *-e* final podía caer cando estaba precedido do son africado [dz].

### Galego Medio

P1: *fago, fajo*. P2: *fas*. P3: *fai, fay, faz*. P4: *facemos*. P5: *facedes, faces*. P6: *fan, facen*.

O paradigma é o propio do galego común actual. Temos algúns casos de reducción da desinencia número-persoal na quinta persoa e algúns exemplo moi esporádico do resultado etimolóxico na sexta persoa (*facen*) en Sarmiento. Nunha carta ó conde de Gondomar do ano 1603 hai algúns resto esporádico da forma antiga *faz*.

### Galego Moderno

O paradigma do galego moderno é o seguinte:

P1: *fago, faigo, faio*. P2: *fas, faces, fais, faes*. P3: *fai*. P4: *facemos, saguemos, faemos*. P5: *facedes*. P6: *fan, facen, fain*.

O *i* de *faigo* é analóxico de formas como *caibo*, esta raíz *faig-* rexístrase no nordeste da Coruña e noroeste de Lugo. A solución *faio* con iode antihiático, que remite a un infinitivo *faer* con perda de [v] por aspiración ó ser zona de gheada, atópase no sudoeste da provincia de Pontevedra. *Fago*, que é a solución regular no galego, tamén pode escorarse no norte de Portugal.

Os resultados etimológicos *faces, facen* documéntanse esporadicamente no interior da provincia de Pontevedra. As solucións *fais/faes, fain* escoritanse no galego oriental e no occidente da Coruña e son analóxicas de *pois, poin*, en consonancia con *fai-poi* (el pon)<sup>6</sup>.

<sup>5</sup> Cfr. Maia, 1986, p. 791 e Santamarina, 1974, p. 42. Esta solución xa fora dada por Meyer-Lübke que descarta que para estes resultados procedan dunha solución prerromance non documentada do tipo *\*faco* en lugar de *facio* (vid. Meyer-Lübke, 1914, p. 137).

<sup>6</sup> Cfr. ILG-RAG, 1995<sup>12</sup>, p. 145.

Na P4 temos un radical *fac-* que é o de máis uso; outro, *fagu-*, que se escuta na metade occidental de Ourense; e *fa-* tamén en puntos de Ourense e sudoeste de Pontevedra.

### 3.2. Presente de subxuntivo

O paradigma do latín clásico era *faciam*, *facias*, *faciat*, *faciamus*, *faciatis*, *faciant*.

#### Galego Medieval

P1: *faça*, *faga*. P2: *faças*, *fazas*, *fagas*. P3: *faça*, *faga*, *faza*, *ffaça*. P4: *façamos*, *faga-*  
*mos*, *façamus*, *fazamos*. P5: *façades*, *fagades*, *fazades*, *faxades*, *ffazades*, *ffaçades*. P6:  
*façan*, *façam*, *fagan*, *fazan*, *fazam*, *ffaçan*, *fazā*.

A raíz *faç-* é a evolución fonética normal do latín *faciam*. O radical *fag-* é, coma o presente de indicativo, analóxico de “dcir”: *diga*.

#### Galego Medio

Os textos do Galego Medio reflictan o triunfo da raíz analóxica *fag-* e o paradigma é similar ó do galego actual: *faga/(fassa)*, *fagas*, *faga*, *fagamos*, *fagades*, *fagan*. Nunha das cartas a Gondomar do ano 1603 lese áinda a etimolóxica *fassa*, sen embargo Sarmiento no séc. XVIII xa non a emprega.

#### Galego Moderno

Na lingua actual hai un radical que é o da xeneralidade do galego, visto xa para o presente de indicativo, que é *fag-* (*faga*, *fagas*, *faga...*) e outros minoritarios, como *faig-* (*faiga*, *faigas*, *faiga...*), propio do nordeste da Coruña e noroeste de Lugo, e *fai-* no sur de Pontevedra.

### 3.3. Pretérito de indicativo

As formas que posuía o latín clásico eran *feci*, *fecisti*, *fecit*, *fecimus*, *fecistis*, *fecerunt*.

#### Galego Medieval

Presenta un cumprido paradigma de formas:

P1: *fiz*, *fize*, *fise*, *fisse*, *fice*, *fige*, *figi*, *figj*, *figy*, *fis*, *fix*, *fyz*, *fez*, *fezi*, *ffige*, *ffis*, *ffizi*,  
*fyzin*. P2: *feziste*, *fezisti*, *fizische*, *fiziste*, *fezeste*, *figeste*, *fezeche*, *fezeschi*, *fezische*. P3: *fez*, *feze*, *fezo*, *ffeze*, *ffezo*, *fece*, *feç*, *feço*, *fes*, *fesso*, *fex*, *fizo*. P4:  
*fezemos*, *fezemer*, *feçemos*, *ffeçemos*, *fizemos*. P5: *fezestes*, *ffezestes*, *fecestes*, *feçestes*,  
*ffeçestes*, *fizestes*. P6: *fezerō*, *fezerom*, *fezeron*, *ffezerō*, *ffezeron*, *feceron*, *feçerom*,  
*feserom*, *feseron*, *ffeçeron*, *ffeçeron*, *fizerō*.

*Facer* ten un pretérito forte dos chamados en *-i*. Na P1 e P3 amosa resultados monosilábicos e bisilábicos. O paradigma más común era *fiz*, *feziste*, *fezo*, *fezemos*, *fezestes*, *fezeron*, con [dz] na raíz.

Na P1 aparecen resultados con *i* no radical por metafonía do *-i* (*feci>fiz*, *figi*). É unha solución característica das *Cantigas de Santa María* e mais das *Cantigas de Escarnio*. Esta primeira persoa puido influír nas demais para que tamén aparezan nelas soluciones con *i*. Así e todo, o más xeral é o resultado etimolóxico con *e* na raíz (*fezemos*, *fezestes*).

Son de destacar, por infrecuentes, casos coma os que recolle Clarinda de Azevedo Maia de exemplos de primeira persoa rematada en nasal (*fyzin*) nalgún documento de fins do século XV<sup>7</sup>.

Na terceira persoa temos formas en consoante e en *-o*, estas últimas son as que predominan nos textos galegos fronte ós portugueses, que optan polas primeiras. A vocal final tamén se podía perder cando a raíz remataba en fricativa *-z*: *fez*. Igual que vimos para *dicir*, o *-e* mantíñase máis cando seguía pronome átono acusativo de terceira persoa: *fezeo*.

Os resultados propios do portugués como *fige, figeste*, con [ž] prepalatal sonora a carón do maioritario [dz], documentados xa no s. XIII, débense á analogía con *quige, quigeste*.

### **Galego Medio**

O paradigma é:

P1: *fixen, fixsen*. P2: *fixeche, fixeches, fixeste*. P3: *fixo, fíxio, fixso*. P4: *fixemos, fixsemos*. P5: *fixestes, fixéchedes*. P6: *fixeron, fixseron*.

Das formas medievais *fige, figeste* xorden estas que aquí vemos con radical *fix-*, que é o más estendido nesta etapa da lingua e mais na actual, fortalecidas analoxicamente pola transformación dos antigos resultados do pretérito de “dicir”(*disse, disseste*) en *dixen, dixeches*. Unha excepción a isto son algunas formas que aparecen na *Relazon* – texto do XVI copiado a mediados do XVII– onde se empregan as solucións medievais *fez-, fiz-*.

Paralelamente a *dicir-dixéchedes* existe unha desinencia da quinta persoa incrementada e analólica da segunda persoa, que é *fixéchedes*.

### **Galego Moderno**

O paradigma actual é o seguinte:

P1: *fixen, fícen, figuen, fecen, sexo*. P2: *fixeches, fíceches, figueches, seciche*. P3: *fixo, fezo*. P4: *fixemos, fícemos, figuemos, fecemos*. P5: *fixestes*. P6: *fixeron*.

O radical maioritario e propio da lingua estándar é *fix-*. A solución *fic-* é a etimolóxica e atopase no galego oriental, sobre todo na xeración vella. A raíz *figu-* escóitase na provincia de Ourense; xorde ben por presente *fago* ou ben por analogía con outros verbos da segunda como *trouguen*. Así mesmo, poden escoitarse resultados con VR e sen inflexionar (*fecen, sexo*) no galego oriental.

<sup>7</sup> Cfr. Maia, 1986, p. 793.

De acordo co visto, cómpre concluír sinalando que os paradigmas triunfantes na actualidade xa agromaban no Galego Medieval e estaban case consolidados nos textos do Galego Medio.

A atracción e contaminación entre os paradigmas irregulares provocou que determinadas evolucións fonéticas non chegaran a callar do xeito esperado.

Das tres formas verbais que analizamos chama a atención a uniformidade na sincronía actual das solucións do pretérito en *dicir* e *querer* fronte a *facer*. No presente de indicativo foi relevante o paulatino triunfo das formas reducidas de *dicir* sobre as etimológicas, que áinda no século XIX ocupaban unha importante área xeográfica e na lingua actual quedaron reducidas ás áreas máis conservadoras ou á xeración máis conservadora, a xeración vella.

Táboas resumo dos paradigmas

		DICIR		
		Galego Medieval	Galego Medio	Galego Moderno
Indicativo presente	P1: <i>digo, dygo.</i>	P1: <i>digo, dijo</i>	P1: <i>digo.</i>	
	P2: <i>dizes, dis.</i>	P2: <i>dis, dices, dises.</i>	P2: <i>dis, dices.</i>	
	P3: <i>diz, dez, djz, dize, di, dij.</i>	P3: <i>di, dis, dise, diz, dice.</i>	P3: <i>di, dice.</i>	
	P4: <i>dizemos, dizemus, dicimos, dece- mos, desimos.</i>	P4: <i>dicimos, decimos, desi- mos.</i>	P4: <i>dicimos, deci- mos, decemos.</i>	
	P5: <i>dizedes, dyzedes, dicides.</i>	P5: <i>dicides, decides, dese- des, decís, desis.</i>	P5: <i>dicides, decides.</i>	
	P6: <i>dizen, disen, dizem, dizē, din.</i>	P6: <i>din, dicen, disen, decen.</i>	P6: <i>din, dicen.</i>	
Subxuntivo presente	P1: <i>diga.</i>	P1: <i>diga, dija.</i>	P1: <i>diga, dija.</i>	
	P2: <i>digas.</i>	P2: <i>digas.</i>	P2: <i>digas.</i>	
	P3: <i>diga.</i>	P3: <i>diga.</i>	P3: <i>diga.</i>	raíz <i>dig-</i>
	P4: <i>digamos.</i>	P4: <i>digamos.</i>	P4: <i>digamos.</i>	
	P5: <i>digades.</i>	P5: <i>digades.</i>	P5: <i>digades.</i>	
	P6: <i>digan, dygan, digam, digā</i>	P6: <i>digan.</i>	P6: <i>digan.</i>	
Indicativo pretérito	P1: <i>dixe, dixi, dix, disi, dissí, disse.</i>	P1: <i>dixen, dixsen, dijen.</i>	P1: <i>dixen, dixsen, dijen.</i>	
	P2: <i>disseste, diseste, disesti, disesche.</i>	P2: <i>dixeche, dixeches, dix- seches.</i>	P2: <i>dixeche, dixeches, dix- seches.</i>	
	P3: <i>disse, dise, diso, disso, dysso, diss, dix, dixe, dixo.</i>	P3: <i>dixo, dix, dixso.</i>	P3: <i>dixo, dix, dixso.</i>	raíz <i>dix-</i>
	P4: <i>dissemos, disemos, desemos.</i>	P4: <i>dixemos.</i>	P4: <i>dixemos.</i>	
	P5: <i>dissestes, disestes, desestes.</i>	P5: <i>dixestes, dexestes, dixe- chedes, dixestedes.</i>	P5: <i>dixestes, dexestes, dixe- chedes, dixestedes.</i>	
	P6: <i>disseron, disserō, diserō, dise- rom, diseron, dixeron.</i>	P6: <i>dixeron, dixseron.</i>	P6: <i>dixeron, dixseron.</i>	

	<b><i>QUERER</i></b>		
	<b>Galego Medieval</b>	<b>Galego Medio</b>	<b>Galego Moderno</b>
<b>Indicativo</b> <b>presente</b>	P1: <i>quero, queiro.</i> P2: <i>queres.</i> P3: <i>quer, quere.</i> P4: <i>queremos.</i> P5: <i>queredes.</i> P6: <i>queren, querē, querem.</i>	P1: <i>quero.</i> P2: <i>queres, ques.</i> P3: <i>quer, quere.</i> P4: <i>queremos.</i> P5: <i>queredes, queres</i> P6: <i>queren.</i>	P1: <i>quero.</i> P2: <i>queres, ques.</i> P3: <i>quere, quer.</i> P4: <i>queremos.</i> P5: <i>queredes.</i> P6: <i>queren.</i>
<b>Subxuntivo</b> <b>presente</b>	P1: <i>queira, queyra, quera.</i> P2: <i>queiras, queyras, queras.</i> P3: <i>queira, queyra, quejra,</i> <i>quera.</i> P4: <i>queiramos, queyramos, que-</i> <i>ramos.</i> P5: <i>queirades, queyrades, quera-</i> <i>des.</i> P6: <i>queiran, queyrā, queran.</i>	P1: <i>queira.</i> P2: <i>queiras.</i> P3: <i>queira.</i> P4: <i>queiramos.</i> P5: <i>queirades.</i> P6: <i>queiran, queyran.</i>	P1: <i>queira, quirā, quera.</i> P2: <i>queiras, quiras, queras.</i> P3: <i>queira, quirā, quera.</i> P4: <i>queiramos, quiramos, que-</i> <i>ramos.</i> P5: <i>queirades, quirades, que-</i> <i>rades.</i> P6: <i>queiran, quiran, queran.</i>
<b>Indicativo</b> <b>pretérito</b>	P1: <i>quisi, quise, quysē, quige,</i> <i>quie, quigi, quiji, quix, quis.</i> P2: <i>quiseste, quigeste, quisiste,</i> <i>quesiste, quisische.</i> P3: <i>quis, quise, quisso, quiso,</i> <i>quizo.</i> P4: <i>quisemos.</i> P5: <i>quisestes, quizestes.</i> P6: <i>quiseron, quiserō.</i>	P1: <i>quixen, quixsen,</i> <i>quisen, quixem.</i> P2: <i>quixche, quixches.</i> P3: <i>quixo, quixso.</i> P4: <i>quixemos, quixse-</i> <i>mos.</i> P5: <i>quixestes, quixses-</i> <i>tes.</i> P6: <i>quixeron, quixseron.</i>	radical <i>quix-</i>

	<b><i>FACER</i></b>		
	<b>Galego Medieval</b>	<b>Galego Medio</b>	<b>Galego Moderno</b>
<b>Indicativo</b> <b>presente</b>	P1: <i>faç, faço, fago, fasso, fazo,ffaço, ffago,</i> <i>ffazo.</i> P2: <i>fazes, ffazes, faes, fais.</i> P3: <i>faz, ffaz, fay, faze.</i> P4: <i>fazemos, fazemus, ffazemos, facemos, fa-</i> <i>çemos, facimus, fasemos.</i> P5: <i>fazedes, ffazedes, facedes.</i> P6: <i>fazē, fazem, fazen, ffazem, fasem.</i>	P1: <i>fago, fajo.</i> P2: <i>fas.</i> P3: <i>fai, fay, faz.</i> P4: <i>facemos.</i> P5: <i>facedes, faces.</i> P6: <i>fan, facen.</i>	P1: <i>fago, faigo, faio.</i> P2: <i>fas, faces, fais, faes.</i> P3: <i>fai.</i> P4: <i>facemos, saguemos,</i> <i>faemos.</i> P5: <i>facedes.</i> P6: <i>fan, facen, fain.</i>
<b>Subxuntivo</b> <b>presente</b>	P1: <i>faça, faga.</i> P2: <i>faças, fazas, fagas.</i> P3: <i>faça, faga, faza, ffaca.</i> P4: <i>façamos, sagamos, façamus, fazamos.</i> P5: <i>façades, sagades, fazades, faxades, ffaza-</i> <i>des, ffacades.</i> P6: <i>façan, façam, fagan, fazar, fazam,</i> <i>ffaçan, fazā.</i>	P1: <i>faga, fassa.</i> P2: <i>fangas.</i> P3: <i>faga.</i> P4: <i>fagamos.</i> P5: <i>fagades.</i> P6: <i>fagan.</i>	P1: <i>faga, faiga, faia.</i> P2: <i>fangas, faigas, faias.</i> P3: <i>faga, faiga, faia.</i> P4: <i>fagamos, saigamos,</i> <i>faiamos.</i> P5: <i>fagades, faigades,</i> <i>faiades.</i> P6: <i>fagan, faigan, faian.</i>

<b>Indicativo pretérito</b> P1: <i>fiz, fize, fise, fissee, fice, fige, figi, figj, fify, fis, fix, fyf, fez, fezi, ffige, ffis, ffizi, fyzin.</i> P2: <i>feziste, fezisti, fizische, fiziste, fizisti, fezeste, figeste, fezeche, fezesche, fezeschi, fezische.</i> P3: <i>fez, feze, fezo, ffez, ffeze, ffezo, fece, feç, feço, fes, fesso, sex, fizo.</i> P4: <i>fezemos, fezemas, feçemos, ffeçemos, fezemos.</i> P5: <i>fezestes, ffezestes, fecestes, feçestes, ffeçestes, fízestes.</i> P6: <i>fezerô, fezerom, fezeron, ffezerô, ffezeron, feceron, feçerom, feserom, feseron, ffeçeron, ffeçerom, ffeçeron, fizerô.</i>	P1: <i>fixen, fixsen.</i> P2: <i>fixeche, fixeches, fixeste.</i> P3: <i>fixo, fixio, fixso.</i> P4: <i>fixemos, fixemos.</i> P5: <i>fixestes, fixchedes.</i> P6: <i>fixeron, fixeron.</i>	P1: <i>fixen, fícen, figuen, fecen, sexo.</i> P2: <i>fixeches, fíceches, figueches, feciche.</i> P3: <i>fixo, fezo.</i> P4: <i>fixemos, fícemos, figuemos, fecemos.</i> P5: <i>fixestes.</i> P6: <i>fixeron.</i>
--	--	---

## BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, R. et al. (1986), *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.
- Carta de don Diego das Achas e Petan a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar* (Baiona, 20-9-1605). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2113, doc. 99).
- Carta de don Diego das Achas e Petán a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar.* (Baiona, 84-160S). Custódiase na Biblioteca de Palacio, Madrid (2113, doc. 10).
- Carta de don Juan de Lançós y de Andrade a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar* (Zamora, ca. 1598). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2135, doc. 20).
- Carta de dona Beatriz da Serra a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar* (Baiona, 20-51603). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2137, doc. 0).
- Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso*, Imprenta de J. Núñez Castaño, Santiago de Compostela, setembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, RSE Misc. II-17 e RSE Misc. 44).
- Diálogo 2º En la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Bartolo, Freitoso y un Cura errante que toma parte en la conversación*, Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, Santiago de Compostela, 15 de novembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, RSE Misc. 44).
- Diálogo tercero en la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Freitosoy el cura Consabido*, Imprenta de don J. F. Campaña y Aguayo, Santiago de Compostela, 31 de decembro de 1836 (Museo de Pontevedra, Legado Baltar, Impresos 4 -22-). Reprodúcese con case total exactitude en R Chacón (RCh), “Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos”, Grial, núm. 93 (xull.-set., 1986), pp. 349-364.
- Domínguez Fontenla, J. (ed.), “Tratado de Albeitaría por Jordan Rubio, de Calabria”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, tomo XI (1936-1938), pp. 543-550 e tomo XII (1939-1940), pp. 109-115.
- Duro Peña, E. (ed.), *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1977.
- , “El monasterio de San Pedro de Lobanes”, *Compostellanum* 12, 2, 1968, pp. 287-322.
- , “El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives”, *Archivos Leoneses* 21, 49, 1967, pp. 7-86.

- Feijoo y Montenegro, A. “E vos non vedes a teima”, en *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica acciòn, de aver ido acompañando sus magestades al Ssmo Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el día 28 de noviembre de 1722. Cantaron los mejores cisnes de españ..*, Madrid, Imprenta de Juan de Ariztia, 1723, p. 135 (Biblioteca do Mosteiro de Poio, R.S. 36 / 3 / 7).
- Feixó de Araujo, G., *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, (Biblioteca Nacional de Madrid, mss. 16717. Procede da biblioteca da casa ducal de Osuna), 1671.
- Fernández Rei, F., *O Verbo. Contribución á dialectoloxía galega*, Tese de doutoramento, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 1979 (inédita).
- , *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, ed. Xerais de Galicia, 1990.
- , “Conservadurismo e innovación no sistema de desinencias verbais do galego: o perfecto”, in D. Kremer (ed.): *ACTES DU XVIIIÈME Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, Tübingen, Niemeyer, vol. 3, 1990, pp. 632-644.
- Fernández y Neira, J. *Proezas da Galicia, explicadas bajo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. Editado en facsímile, Bibliófilos Gallegos, Pontevedra, 1984.
- Ferreiro, M., *Gramática histórica galega*, A Coruña, Laioveneto, 1995.
- Ferro Couselo, X., *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols., Vigo, Galaxia, 1967.
- Fiestas Minervalias y/ aclamación perpetua de las Musas, à/ la inmortal memoria de el Ilus/trissimo, y Excelentissimo Señor/ D. Alonso de Fonseca/ El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago, / por/ su Escuela, y Vniversidad, /que/ afectuosamente las consagra, dedi/ca, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde de / Monte-Rey, su Protector, Valedor, / y Mecenas:/ Por mano de el doctor D. Joseph Varela/ y Vasadre, Retor de dicha Vniversidad, y Prior de la Santa y/ Apostolica Iglesia de el Señor Santiago: Con acuerdo de el/ Claustro; y por su comision; de el Secretario, que/ obediente las descriue. Con licencia. En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697. Ed. Facsímil, con Estudio literario das Festas Minervalias Compostelanas de 1697 de X. Alonso Montero. Universidade de Santiago de Compostela, 1993.*
- García de Diego, V., *Elementos de gramática histórica gallega*, Universidade de Santiago de Compostela, anexo 23 de *Verba*, 1984.
- Gómez Tonel, J., “Turbas corran as Agoas, poña luto”/ P. Vázquez de Neira, “Morte cruel esa treadora maña”, en *Relación de las exequias que hiço la real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la reyna Dª Margarita de Austria, Nuestra Señora (q. Dios tiene) Descriptas y Puestas en Stilo por Juan Gomez Tonel*
- González Seoane, E. X., *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*, Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- Instituto da Lingua Galega, *ALGa: Atlas Lingüístico Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1990.
- ILG/RAG, *Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*, Vigo, Xerais, 1995<sup>12</sup>.
- La Tertulia de Picaños, Patria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de su Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de varias Cofradías, con voto decisivo en ellas, &c., Individuos que asisten a ella: Vilas, seu fillo Farruco, Pepe, Andruco, e Catuxo*. Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, 31 de outubro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, RSE Misc. IX- 13).
- Núm. 2º. *Sigue la Tertulia de Picaños. Asistentes a ella, los Consabidos Farruco, Pepe, Andruco, Catuxd, y un Abad recién llegado*. Imprenta de D. José Fermin Campaña y Aguayo, Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, RSE Misc. IX -13).

- Lapa, M. Rodrigues, *Vocabulário galego-português*, Vigo, Galaxia, 1965. Reprod. In *Cantigas d'escarnho e mal dizer dos Cancioneiros medievais galego-portugueses*. Ed. de M. Rodrigues Lapa, Vigo, Galaxia, 1970<sup>2</sup>.
- López Ferreiro, A. (ed.), “Liber Tenencie de Horreo o memorial de la hacienda, rentas, pensiones de la antigua Tenencia del Hórreo, escrita en 1438 por el canónigo Vázquez de Madayo”, *Compostellanum* 12, 1967, pp. 271-331.
- López Ferreiro, A., *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: tipografía galaica, 1901.
- Lorenzo, R., *La Traducción Gallega de la Crónica General y de La Crónica de Castilla*, 2 vols., Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1975.
- , *Crónica Troiana*. Introducción e texto. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.
- Lucas Álvarez, M./ Justo Martín, M. J., *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537)*. Edición diplomática, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1991.
- Magne, A., *A Demanda do Santo Graal* (Glossário), Rio de Janeiro, Imprensa Nacional, 1944.
- Maia, C. de Azevedo, *Historia do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referéncia à situaçao do galego moderno)*, Coimbra: INIC, 1986.
- Mariño Paz, R., *Estudio ortográfico, fonético e morfológico de textos do Prerrexurdimento galego*, Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 1991.
- , *Fr. M. Sarmiento: Coloquio de vintecattro galegos rústicos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995.
- Martínez López, R.(ed.), *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms.O.I.1 del Escorial*. Oviedo: Publicacións de Archivum 14, 1963.
- Mettmann, W. (de.), *Cantigas de Santa María*, 4 vols., Coimbra: Acta Universitatis Conimbricensis. Reed. Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.).
- Meyer-Lübke, W., *Introducción al estudio de la lingüística romance*, traducción da segunda edición alemana por Américo Castro, Madrid, 1914.
- Michaëlis de Vasconcellos, C., *Glosario do Cancioneiro da Ajuda*, Revista Lusitana, vol. XIII, Lisboa, Livraria clásica Editora, 1921.
- Nunes, J. J., *Compêndio de gramática histórica portuguesa*, Lisboa, Livraria Clássica Editora, 1989<sup>9</sup>.
- Obras en prosa y verso del cura de Fruime, D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos, Madrid, MDCCCLXXVIII. Por D. Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S.M. Con las licencias necesarias.
- P. Feijoo y Montenegro, “Escoyten que falou eu”, en *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica acciòn, de aver ido acompañando sus magestades al Ssmo Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el dia 28 de noviembre de 1722. Cantaron los mejores cisnes de España..*, Madrid, Imprenta de Juan de Ariztia, 1723, p. 134 (Biblioteca do Mosteiro de Poio, R.S. 36 / 3 / 7).
- Pardo de Andrade, M., *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrillles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*, Edicións Castrelos, Vigo, 1971.
- Pensado, J. L., *Miragres de Santiago*, Madrid: CSIC, anexo 68 de *Revista de Filología Española*, 1958.
- Piel, J. M., “A flexão verbal do português (Estudo de Morfología histórica)”, *Biblos* 20, pp. 359-404.
- Relazón da carta xecutoria* (ca. 1515), en Fernando de Saavedra Rivadeneyra y Aguiar Pardo de Figueroa, *Memorial al Rey N. Señor, en que se recopila, adiciona y representa quanto los Cronistas, y otros autores han escrito, y consta por instrumentos, del origen, y antigüedad, descen-*

dencia, y sucesión, lustre y servicios de la casa de Saavedra, y de identidad y permanencia de su primitivo Solar, y estados en el reyno de Galicia, y de la linea primogénita, recta y troncal de varon de sus Posseedores, Cabeças y Parientes mayores, continuada desde los primeros siglos de su mas antigua fundacion, hasta el presente. Por don sucesor, y actual posseedor della, Año de 1674. Con licencia: En Granada, en la Imprenta Real de Francisco de Ochoa, en la Calle de Abenamar, pp. 137-138.

Rodríguez González, A., (ed.), *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1992.

Saco e Arce, J.A., *Gramática Gallega*, Lugo, Soto Freire, 1868.

Santamarina, A., *El verbo gallego*, Universidade de Santiago de Compostela, anexo 4 de *Verba*, 1974.

Williams, E. B., *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa* Rio de Janeiro: Templo Brasileiro, 1961.